



Sección de bolsas
Pavillón de Estudantes
Campus de Elviña
15071 A CORUÑA
Correo electrónico: bolsas@udc.es

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE URBANO
CAMPUS DA CORUÑA
CURSO 2009-2010**

OBXECTO

A Universidade da Coruña (UDC) convoca as axudas para o transporte urbano destinadas ao alumnado da UDC que estea matriculado no curso 2009-2010 nunha titulación oficial no Campus da Coruña e cumpra os requisitos esixidos nesta convocatoria .

Non poderán gozar desta axuda aqueles estudantes que no curso 2009-2010 estean de ERASMUS ou SICUE.

O alumnado beneficiario disporá de 400 viaxes ao prezo de 0,20 euros cada unha.

O financiamento destas axudas faise con cargo á partida orzamentaria 9870422D4800305 “BONO-BUS” da UDC

A esta convocatoria seralle de aplicación os criterios económicos e patrimoniais de concesión de bolsas do Ministerio de Educación, para o curso 2009-2010 regulados en:

- Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas (BOE do 17 de xaneiro)
- Real Decreto 922/2009, de 29 de maio, polo que se establecen os límites da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2009-2010 (BOE do 30 de maio)
- Orde EDU/1901/2009, de 9 de xullo, pola que se convocan bolsas de carácter xeral e de mobilidade para o curso académico 2009-2010, para estudantes de ensino universitario (BOE do 15 de xullo)

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será do **14 de setembro ao 16 de outubro de 2009**

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se pode acceder dende <http://servizos.udc.es/SolicitudBonobus>. Unha vez cumprimentada o alumnado deberá imprimir o modelo de solicitude e presentalo coa sinatura do solicitante e demais membros computables da familia.

Xunto coa solicitude presentarán a documentación que se pide neste convocatoria (Anexo I)

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude coa sinatura do solicitante e demais membros computables da familia xunto coa documentación precisa e relacionado no Anexo I desta convocatoria presentaraa na Sección de Bolsas da UDC (Universidade da Coruña) sita no Pavillón de Estudiantes no Campus de Elviña de luns a venres de 9 a 14 horas.

A presentación de solicitude de tarxeta universitaria implicará a autorización a UDC para obter os datos necesarios para determinar a renda e o patrimonio a efectos de tarxeta universitaria a través das correspondentes administracións tributarias.

REQUISITOS DE CARÁCTER ECONÓMICO E PATRIMONIAL

(Real Decreto 922/2009 de 29 de maio – BOE do 30 de maio)

Artigo 10 Cálculo da renda familiar

1.- A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obterase pola agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Para os efectos de bolsas e axudas ao estudo do curso 2009-2010 computarase o exercicio 2008.

2.- Para a determinación da renda dos membros computables que presentaran declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do seguinte modo:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores ao 2008 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario que constitúen a renda do aforro correspondente a 2007

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3.- Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentaran declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, seguirase o procedemento descrito no parágrafo a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

4.- A presentación da solicitude de bolsa implicara a autorización as administracións educativas para obter os datos precisos para determinar a renda para os efectos de bolsa a través das correspondentes administracións tributarias.

Artigo 11. Deducións da renda familiar

No curso 2009-2010, aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar

a) O 50% dos ingresos aportados por calquera membro computable da familia distinto aos sustentadores principais.

b) 500 euros por cada irmán/irmá incluído o solicitante que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 765 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio.

Cando sexa o propio/a solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas, en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de ata 2000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1811 euros por cada irmán/irmá ou fillo/a do/a solicitante ou o/a propio/a solicitante que estea afectado/a de minusvalía legalmente recoñecida de grao igual ou superior ao 33%. Esta dedución será de 2.881 euros cando a minusvalía sexa de grao igual ou superior ao 65%. Esta dedución será de ata 4000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176 euros por cada fillo/a menor de 25 anos que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os fillos ou as fillas estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) Incrementarase o límite da renda familiar aplicable nun 20% cando o/a solicitante sexa orfo/a absoluto/a.

Artigo 12. Límites indicativos do patrimonio familiar

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 10 e 11, denegarase a solicitude da tarxeta universitaria para o curso 2009-2010 cando se superen os límites indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

a) A suma dos valores catastrais das fincas urbanas que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.500 euros. No caso de inmobles nos que a data de efecto da última revisión catastral estivera comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión fora posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados en 2003

Por 0,37 os revisados no 2004

Por 0,30 os revisados no 2005

Por 0,26 os revisados no 2006

Por 0,25 os revisados no 2007

Por 0,25 os revisados no 2008

Nos inmobles enclavados na Comunidade Foral de Navarra o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais das fincas rústicas que pertencen aos membros computables da unidade familiar, non poderá superar 13000 euros por cada membro computable.

c) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis os saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais pertencentes aos membros computables da familia excluíndo as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual e, no seu caso, a renda básica de emancipación non poderá superar os 1.700 euros.

Estes elementos indicativo do patrimonio computaranse polo valor a 31 de decembro de 2008.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos nos apartados anteriores de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe do valor de cada elemento respecto ao límite correspondente. Denegarase a tarxeta universitaria cando a suma das referidas porcentaxes supere cen.
3. Tamén se denegará a tarxeta universitaria cando as actividades económicas das que sexan titulares os membros computables da familia teñan un volume de facturación, en 2008, superior a 155.500 euros.
4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50% do valor dos que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

Limites de Renda

Familias de 1 membro computable	14.112 euros
Familias de 2 membros computables	24.089 euros
Familias de 3 membros computables	32.697 euros
Familias de 4 membros computables	38.831 euros
Familias de 5 membros computables	43.402 euros
Familias de 6 membros computables	46.835 euros
Familias de 7 membros computables	50.267 euros
Familias de 8 membros computables	53.665 euros

Membros computables (artigo 14 Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro)

- 1.- Para o cálculo da renda familiar a efectos de bolsa ou axuda ao estudo , serán membros computables os pais e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor quen terán a condición de sustentadores principais da familia. Tamén serán membros computables o/a solicitante, os/as irmáns e irmás solteiros /as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2008, ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.
2. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa solicitante de bolsa. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes tamén se considerarán membros computables o/a cónxuxe ou, no seu caso, a persoa a que se estea unido por análoga relación así como os/as fillos/as se os houber.
3. Nos supostos en que o solicitante da bolsa ou axuda sexa un menor en situación de acollemento será de aplicación a familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar para estes efectos.
4. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se considerarán membros computables o cónxuxe ou, no seu caso, a persoa a que estea unido por análoga relación, así como os fillos se os houber e convivan no mesmo domicilio.
5. Nos casos nos que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta

circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio que, a todos os efectos, será no que o alumno viva durante o curso escolar.

Aquel alumnado que alegue independencia familiar e económica considerárase esta circunstancia cando cumpra estes requisitos:

- a) Demostre a titularidade ou o aluguer do seu domicilio.**
- b) Que leve empadroadado nese domicilio cando menos todo o ano 2008**
- b) Tivera, como mínimo, os ingresos anuais por renda no ano 2008 que marca o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).**

TARXETA MILLENIUM PARA UNIVERSITARIOS

Será requisito inescusable para os beneficiarios da axuda obxecto desta convocatoria estar en posesión da tarxeta millenium para universitarios. Para axilizaren a xestión da axuda, no caso de non teren a citada tarxeta, recoméndase ao alumnado solicitala canto antes acudindo as oficinas do Concello da Coruña sitas na Estación de autobuses, n o Forum Europa ou ben en Maria Pita.

A Coruña, 1 de setembro de 2009

A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

Asdo.: Maria José Martínez López

Ligazón coa solicitude <http://servizos.udc.es/SolicituddeBonobus>

ANEXO I

DOCUMENTOS OBRIGATORIOS QUE HAI QUE PRESENTAR COA SOLICITUDE DE AXUDA PARA TRANSPORTE URBANO PARA UNIVERSITARIOS

I. DOCUMENTACIÓN XERAL.

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade familiar.
- Certificado conxunto de empadramento da unidade familiar.

II. Documentación Económica:

1. Fotocopia completa da declaración da renda das persoas físicas referida ao exercicio 2008 dos membros que constitúan a unidade familiar á que pertence a persoa solicitante xunto coa folla de liquidación do ingreso/devolución selado pola entidade bancaria ou delegación de Facenda de que foi presentada ou ben a constatacións de tela presentada por internet
2. Fotocopias dos recibos da contribución urbana e rústica (catastro) do exercicio 2008, excluída a vivenda habitual.

No caso de non ter a obriga de presentar a declaración da renda, deberá achegar, segundo sexa o caso, a seguinte documentación:

- certificado de imputación de renda expedido pola Axencia Tributaria correspondente ao exercicio 2008.
- No caso de seren pensionistas copia do xustificante anual da pensión ou pensións.

De ser o caso deberá achegarse tamén:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades así como o resumo anual dos impostos sobre o valor engadido (IVE).
- Copia do imposto sobre o patrimonio

Rematado o proceso de adxudicación de axudas a Universidade verificará na AEAT a exactitude dos datos económicos achegados polo solicitante, procedéndose a revogación da axuda no caso de haber discrepancias cos datos declarados.

